



CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A REALIZACIÓN DO CURSO DE POSGRAO E DO CURSO PONTE DE ESPECIALIZACIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que esta Consellería de Economía, Emprego e Industria ten previsto formalizar co Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria(CIXUG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 27/06/2016 ata o 31/12/2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o CIXUG, para celebrar e impartir o Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral a desenvolver polo CIXUG no ano 2016, como titulación propia das universidades galegas, así como impartir durante o citado ano un Curso Ponte de Especialización en Orientación Laboral para posibilitar a obtención da titulación de Especialista en Orientación Laboral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que, de conformidade co establecido nos artigos 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36º.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, acredítanse razóns de interese público, social e económico para a subscrición dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Consorcio para o Desenvolvemento





de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para a realización do Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral e o Curso Ponte de Especialización en Orientación Laboral, toda vez que o CIXUG, como entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia constitúese como axente necesario e imprescindible para o desenvolvemento de dito curso por integrar no seu seo ás tres universidades públicas de Galicia.

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2016, dentro do Eixo 1 *ORIENTACIÓN*, un Programa Propio que inclúe a realización do Curso de Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, como titulación propia das tres universidades galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 9 de maio de 2016

O director xeral de Orientación e Pomoción Laboral

José Alfonso Marnotes González

